

EGAP: CONVOCATORIA PLAN FORMATIVO OFIMÁTICO DE GALICIA

Santiago de Compostela 01/02/2022

Publicada hoxe a [convocatoria das actividades formativas que compoñen o Plan formativo ofimático de Galicia desenvolvido pola EGAP xunto coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia](#).

O **certificado expedido pola EGAP** que acredite a superación das actividades formativas que compoñen o Plan formativo ofimático de Galicia **permitirá obter a certificación galega de competencias dixitais en ofimática**, nos termos previstos no Decreto 218/2011, do 17 de novembro, polo que se regula a certificación galega de competencias dixitais en ofimática.

Convócanse **2.000 prazas en accións formativas impartidas na modalidade de teleformación** integradas no Plan formativo ofimático de Galicia, que a continuación se relacionan:

- Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (LibreOffice Base).
- Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (Microsoft Office 2019).
- Aplicacións informáticas de follas de cálculo (LibreOffice Calc).
- Aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft Office 2019).
- Aplicacións informáticas de tratamento de textos (LibreOffice Writer).
- Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft Office 2019).
- Aplicacións informáticas para presentacións gráficas de información (LibreOffice Impress).
- Aplicacións informáticas para presentacións gráficas de información (Microsoft Office 2019).
- Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico (GNU/Linux Debian 9).
- Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico (contorno Windows 10).

Requisitos dos participantes:

- Poderá participar nas actividades formativas persoal ao servizo de:
 - o Administración pública da Comunidade Autónoma.
 - o Entidades públicas instrumentais e da Administración institucional de Galicia.
 - o Administración de xustiza.
 - o Entidades locais de Galicia.
 - o Administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia.
- Que se encontre en:
 - o Situación de servizo activo (incluído permiso por maternidade, adopción, acollemento ou excedencia polo coidado dun/a fillo/a ou dun/a familiar)
 - o Que reúna os requisitos establecidos nesta convocatoria e para cada un dos casos no anexo II
- Exceptuado o persoal:
 - o Docente Consellería de Cultura, Educación e Universidade
 - o Escalas dos corpos da policía de Galicia, policía local e bombeiros.
 - o SERGAS (non entendendo por tal o persoal da Lei 17/1989)

Solicitudes

- **Prazo: 10 días a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG**
- **Só poderán realizarse mediante o formulario** de matrícula telemática **dispoñible** no enderezo:
<https://egap.xunta.gal/matricula>
- **Desde as 8.00 horas da data de inicio** do prazo de presentación de solicitudes e **ata as 23.55 horas da data de finalización**.
- **Número máximo de actividades formativas que se poden solicitar: tres.**